



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

**Expediente:** 2025000039794

**Convocatoria:** 2026 PREM-AF

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN NÚMERO 2025/60174 DO 17 DE DECEMBRO DE 2025 POLA QUE SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DA 16ª EDICIÓN DO PREMIO “ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS” DE ARTESANÍA DO ANO 2026**

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Detectado un erro no punto cuarto do Anexo – extracto da convocatoria, redactado en castelá.

**RESOLVO:**

Modificar a Resolución número 2025/60174 do 17 de decembro de 2025 pola que se aproban as Bases e a convocatoria da 16ª Edición do Premio “Antonio Fraguas Fraguas” de artesanía do ano 2026.

**Onde di:**

**ANEXO - EXTRACTO DE LA CONVOCATORIA**

**CASTELLANO**

**Cuarto. Cuantía**

El importe de la consignación asciende a un total de 6.500,00 €, con cargo a la partida 0612/3341/481 del Presupuesto ordinario para 2026. Se establece un premio único dotado con 6.500 €, que podrá quedar desierto y ser concedido con carácter ex aequo. En este caso, su importe se repartirá proporcionalmente entre las personas que resulten premiadas.

**Debe decir:**

**ANEXO - EXTRACTO DE LA CONVOCATORIA**

**CASTELLANO**

**Cuarto. Cuantía**

El importe de la consignación asciende a un total de 13.000,00 €, con cargo á partida 0612/3342/481 del Presupuesto ordinario para 2026.

Se establecen dos premios, dotados con 6.500€, para cada una de las modalidades.

Los premios podrán quedar desiertos o ser concedidos con carácter ex aequo; en este caso, su importe se repartirá proporcionalmente entre las personas que resulten premiadas.

**Polo tanto o texto definitivo será o seguinte:**

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Despois de ver os informes do servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, da Secretaria Xeral e do servizo de Fiscalización

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar as Bases reguladoras da 16ª Edición do Premio “Antonio Fraguas Fraguas” de artesanía do ano 2026, cuxo texto se transcribe no anexo.

**Segundo.-** Publicar as presentes bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceiro.-** Aprobar a convocatoria da 16ª Edición do Premio “Antonio Fraguas Fraguas” de artesanía, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo – Bases Reguladoras.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase ás 08:00 horas do día 10 de febreiro de 2026 e rematará ás 14:00 horas do día 10 de abril de 2026, logo da publicación do extracto da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

**Cuarto.-** Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**Quinto.-** Aprobar o orzamento dos gastos derivados da convocatoria, que ascenden a un total de 30.000 €, de acordo co seguinte detalle:

Concepto	Aplicación orzamentaria	Documento contable RC	Importe
Premios	0612/3342/481	220259000762	13.000€
Indemnizacións por cesión de obras	0612/3342/22609	220259000763	9.000€
Adquisición de obras	0612/3342/62900	220259000764	3.000€
Honorarios do xurado, fixados de acordo co establecido na Base 30ª.4 das Bases de Execución do Orzamento para o ano 2025.	0612/3342/22609	220259000765	5.000 €
TOTAL			30.000,00 €

De acordo con o establecido no art. 174.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, “A autorización ou realización dos gastos de carácter plurianual subordinarase ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.”

O financiamento quedará supeditado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2026. Noutro caso sería de aplicación o establecido no 173.5 do TRLRHL, “non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar”.

Así mesmo, queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

## 16ª Edición do Premio "Antonio Fraguas Fraguas" de artesanía do ano 2026

### BASES

#### Primeira.- Obxecto

En consideración á importancia que para o desenvolvemento social e cultural ten a atención a aquelas manifestacións artísticas que, como a artesanía, son sinais de identidade dun pobo e ao tempo mostra da vixencia e pulo das tradicións, da súa capacidade innovadora e creativa e do diálogo coa idiosincrasia popular no campo social, cultural e económico, a Deputación da Coruña convoca o Premio "Antonio Fraguas Fraguas" de artesanía.

Consta de dúas modalidades diferenciadas:

- A) Artesanía tradicional
- B) Artesanía contemporánea

#### Segunda.- Persoas destinatarias

Poderán participar colectivos de persoas artesáns e persoas artesáns maiores de idade nadas ou residentes en Galicia no ano 2026, que traballen no campo da artesanía galega tradicional ou contemporánea, tanto a título particular como en agrupacións de varios autores, colectivos, asociacións, etcétera, que non fosen premiados neste certame nos catro anos anteriores a éste e que presenten unha obra non premiada en ningún outro premio ou certame.

Cada persoa artesá ou colectivo poderá concorrer ao certame cun máximo de **tres** pezas, e poderán ser considerados como unha peza os conxuntos que, estando formados por varias, constitúan unha única unidade.

A autoría das obras e a súa autenticidade xustificárase mediante unha declaración responsable manifestando ser a persoa autora e titular de todos os dereitos.

En consecuencia, a Deputación Provincial da Coruña non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou eventualidade similar que puideran xurdir, recaendo na persoa participante afectada as accións legais que procedan e asumindo, se é o caso, as indemnizacións que puideran corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

As persoas participantes terán a obriga de comunicar á Deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do premio

#### Terceira.- Dotación

Establécense dous premios, dotados con **6.500€**, para cada unha das modalidades.

O pago dos citados premios realizarase previa retención do 15%, do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) ou 19% do imposto de sociedades (IS), no seu caso.

Os premios poderán quedar desertos ou ser concedidos con carácter ex aequo; neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as persoas que resulten premiadas.

Os premios non poderán concederse a título póstumo, sen prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse se a persoa premiada falecese despois do fallo do xurado.

O xurado poderá propoñer a adquisición das obras premiadas, sempre que a valoración non sexa superior a 8.000 €.

- Se a valoración da obra supera ao importe do premio, o premio será descontado do importe no que estea valorada a obra e para a súa adquisición, aboaráse a diferenza
- No caso de que a valoración sexa menor, o importe da adquisición da obra entenderase incluído no premio.

A Deputación poderá publicar un catálogo coas obras seleccionadas e, previo acordo coas persoas autoras, poderá publicar ou expoñer, aquelas obras que non fosen premiadas e que o xurado considere de calidade.

As persoas cuxas obras sexan incluídas na publicación recibirán cinco exemplares do catálogo.

#### **Cuarta.- Prazo**

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase ás 08:00 horas do día **10 de febreiro de 2026 e rematará ás 14:00 horas do día 10 de abril de 2026**, logo da publicación do extracto da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

#### **Quinta.- Envío da obra e documentación**

A convocatoria tramitárase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

Dado que a tramitación será telemática:

- Quen presente a solicitude deberá dispoñer dun único enderezo electrónico de contacto durante a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións; excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando se notifique o dito cambio á Deputación
- Quen presente a solicitude deberá dispoñer de certificado dixital
- A solicitude e toda a documentación estará asinada pola persoa que presenta a solicitude
- A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros
- Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non se cumprimenten os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

- Nomeamento de persoa representante para as súas relacións coa Deputación da Coruña, no seu caso
- Fotografía da obra presentada, en formato JPEG, 150 ppp, tamaño DIN A4.
- Acreditación documental de ter nacido ou residir nalgún concello galego no ano 2026.
- Declaración responsable e cesión de dereitos temporal no caso de selección para a exposición ou no caso de compra, no modelo facilitado pola Deputación para a presente convocatoria.

#### **Sexta.- Xurado**

O xurado estará presidido pola Deputada de Cultura, quen actuará con voz e sen voto, e formarán parte del cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da artesanía, nomeadas por ela.

As funcións de secretaría exerceraas a Secretaría da Corporación ou a persoa funcionaria en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no artigo 70 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición dos xurados darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, no taboleiro de anuncios da sede electrónica co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

Aplicarase o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), Título preliminar, Capítulo II, Sección 3ª: Órganos colexiados das distintas administracións públicas”, artigos 15 a 18, no que se refire tanto á validez da súa constitución, como á actuación do xurado.

As deliberacións serán secretas e delas serán estendidas as actas correspondentes.

## **Sétima.- Preselección, concesión do premio, adquisición de obra, selección para exposición e pago**

### Preselección

O xurado, despois de ver as solicitudes e as fotografías presentadas, realizará unha primeira selección das obras.

Esta primeira selección así como as datas e horarios nas que deberán enviar as obras ao IES Rosalía Mera, rúa Archer Milton Huntington 24, 15011 A Coruña, será dada a coñecer a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica da Deputación.

As pezas remitiranse debidamente identificadas na súa parte posterior, incluíndo en calquera caso o seu título, nome da persoa autora, referencia da solicitude presentada na plataforma SUBTEL, prezo (incluídos impostos), medidas e técnica empregada.

Serán por conta das persoas participantes os gastos de envío e de retorno, e o seguro dos riscos de transporte.

### Exposición

A Deputación realizará unha exposición coas obras gañadoras, coas obras adquiridas e as obras seleccionadas polo xurado ata un máximo de 30 obras, que será ofertada aos concellos e entidades da provincia, en itinerancia, ao longo dun prazo de tempo que non poderá superar os seis meses.

As persoas autoras cuxas obras estean na exposición recibirán cinco exemplares do catálogo da exposición que editará a Deputación.

Neste caso, cada persoa que resulte seleccionada recibirá unha cantidade única de 300,00€, en concepto de indemnización pola cesión temporal das obras.

As pezas que non sexan adquiridas e formen parte da exposición, deberán ser retiradas polas persoas interesadas no prazo dun mes, que se contará desde a data da clausura da última exposición.

### Concesión do premio, adquisición de obra, selección de obras para exposición e pago

Rematado o prazo de presentación dos orixinais das obras, o xurado realizará unha nova reunión para seleccionar as obras premiadas, as obras que se adquiren e as obras seleccionadas para a exposición itinerante.

A proposta de concesión do premio, adquisición de obra e a selección de obras para a exposición itinerante que formule o xurado será obxecto da resolución da Presidencia, que resolverá a súa aprobación, previo informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e do Servizo de Fiscalización.

A resolución deste acordo será dada a coñecer a través do Boletín Oficial da Provincia.

Non poderán obter a condición de persoa beneficiaria aquelas persoas que teñan a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal, de conformidade co disposto no artigo 13.f) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### **Premio**

- O importe do premio no caso de que se decida a súa adquisición, calcularase de acordo co establecido na Base terceira.

#### **Adquisición de obra**

- As obras que sexan adquiridas serán obxecto das correspondentes actas de recepción e pasarán a formar parte do patrimonio da Deputación
- As persoas autoras deberán presentar as preceptivas facturas, nas que se farán constar os impostos que sexan de aplicación

- A adquisición das pezas supón a extinción do dereito de explotación polas persoas autoras, se ben permanecen inalterables os dereitos morais que a lexislación lles confire

#### **Indemnización pola participación na exposición itinerante**

- No caso de que as obras non sexan adquiridas, aboarase a cantidade de 300€ por obra, en concepto de indemnización pola cesión temporal da obra.

Para a concesión e o cobro, tanto do premio como da indemnización pola participación na exposición itinerante, deberán presentar a seguinte documentación:

#### **Residencia española:**

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a persoa está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que envíe un documento autorizando expresamente á Deputación provincial da Coruña ás consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Comunicación de alta de datos bancarios para o rexistro de terceiros, que figura no apartado de impresos oficiais da páxina web da Deputación provincial da Coruña.
- Certificación da titularidade de conta, expedida pola entidade bancaria.

#### **Outra residencia:**

- Copia do pasaporte
- Certificado de residencia fiscal emitido polo organismo oficial do seu país
- Declaración de non ter establecemento permanente en España, no seu caso
- Certificación de titularidade de conta bancaria, na que figure o código SWIFT/BIC

A presentación desta documentación farase preferentemente a través do apartado de documentación adicional do expediente da súa solicitude en SUBTEL.As obras que non sexan seleccionadas para a exposición, deberán ser retiradas no prazo dun mes, que se contará desde a notificación da decisión do xurado.

A concesión e pago do premio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

#### **Oitava.- Obrigas**

Os titulares das obras presentadas, a través da aceptación das bases deste premio, outorgan unha cesión non exclusiva, gratuíta e intransmisible á Deputación da Coruña, nos termos do artigo 50 da Lei de propiedade intelectual, o Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril.

Os dereitos cedidos son os de reprodución, distribución, comunicación pública en todas as súas modalidades, incluída a de posta a disposición.

Os titulares das obras presentadas aceptan a inclusión das que poda seleccionar o xurado no catálogo e na exposición itinerante.

A Deputación correrá cos gastos de seguros das pezas ao longo do tempo en que permanezan no seu poder, e sempre que se respecten os prazos sinalados para a súa retirada.

Aquelas pezas que non sexan retiradas nos prazos establecidos, serán devoltas ás persoas participantes polo medio de transporte que, segundo o criterio da Deputación, sexa considerado mellor, correndo os custos ao cargo daqueles.

A Deputación da Coruña non se fai responsable do deterioro, perda, roubo, etc. que poidan sufrir no transporte as pezas enviadas ao premio.

#### **Novena.- Protección de datos**

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña coa finalidade de tramitar esta convocatoria.

A participación nesta convocatoria implica aceptar a realización de fotografías e/ou vídeos pola Deputación da Coruña no certame de entrega dos premios ou no desenvolvemento das actividades complementarias.

As ditas imaxes poderán ser publicadas en:

- A páxina web e perfís en redes sociais da Deputación
- Filmacións destinadas á promoción da actividade
- Publicacións para dar a coñecer a actividade

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se considera que o tratamento incumpre co establecido no RXPDP pode reclamar perante a AEPD.

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa política de privacidade ou dirixindo un correo a [delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal](mailto:delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal).

#### **Décima.- Aceptación das bases**

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

## ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

### GALEGO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria da 16ª Edición do Premio "Antonio Fraguas Fraguas" de artesanía do ano 2026. O texto completo do certame pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións.

#### **Primeiro. Beneficiarios**

Poderán participar colectivos de persoas artesáns e persoas artesáns maiores de idade nadas ou residentes en Galicia no ano 2026, que traballen no campo da artesanía galega tradicional ou contemporánea, tanto a título particular como en agrupacións de varios autores, colectivos, asociacións, etcétera, que non fosen premiados neste certame nos catro anos anteriores a éste e que presenten unha obra non premiada en ningún outro premio ou certame.

Cada persoa artesá ou colectivo poderá concorrer ao certame cun máximo de tres pezas, e poderán ser considerados como unha peza os conxuntos que, estando formados por varias, constitúan unha única unidade.

#### **Segundo. Obxecto**

En consideración á importancia que para o desenvolvemento social e cultural ten a atención a aquelas manifestacións artísticas que, como a artesanía, son sinais de identidade dun pobo e ao tempo mostra da vixencia e pulo das tradicións, da súa capacidade innovadora e creativa e do diálogo coa idiosincrasia popular no campo social, cultural e económico, a Deputación da Coruña convoca o Premio "Antonio Fraguas Fraguas" de artesanía.

Consta de dúas modalidades diferenciadas:

- A) Artesanía tradicional
- B) Artesanía contemporánea

#### **Terceiro. Bases reguladoras**

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

#### **Cuarto. Contía**

O importe da consignación ascende a un total de 13.000,00 €, con cargo á partida 0612/3342/481 do Orzamento ordinario para 2026.

Establécense dous premios, dotados con 6.500€, para cada unha das modalidades.

Os premios poderán quedar desertos ou ser concedidos con carácter ex aequo; neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as persoas que resulten premiadas.

#### **Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase ás 08:00 horas do día 10 de febreiro de 2026 e rematará ás 14:00 horas do día 10 de abril de 2026, logo da publicación do extracto da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

#### **Sexto. Outros datos**

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

## EXTRACTO DE LA CONVOCATORIA

### CASTELLANO

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.1a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria de la 16ª Edición del Premio "Antonio Fraguas Fraguas" de artesanía del año 2026. El texto completo de las Bases del premio puede consultarse en la Base de datos Nacional de Subvenciones

#### **Primero. Beneficiarios**

Podrán participar colectivos de personas artesanos y personas artesanos mayores de edad nacidas o residentes en Galicia en el año 2026, que trabajen en el campo del artesanía gallega tradicional o contemporánea, tanto a título particular como en agrupaciones de varios autores, colectivos, asociaciones, etcétera, que no fueran premiados en este certamen en los cuatro años anteriores a éste y que presenten una obra no premiada en ningún otro premio o certamen.

Cada persona artesana o colectivo podrá concurrir al certamen con un máximo de tres piezas, y podrán ser considerados como una pieza los conjuntos que, estando formados por varias, constituyan una única unidad.

#### **Segundo. Objeto**

En consideración a la importancia que para el desarrollo social y cultural tiene la atención a aquellas manifestaciones artísticas que, como el artesanía, son señales de identidad de un pueblo y al tiempo muestra de la vigencia y ánimo de las tradiciones, de su capacidad innovadora y creativa y del diálogo con la idiosincrasia popular en el campo social, cultural y económico, la Diputación de A Coruña convoca el Premio "Antonio Fraguas Fraguas" de artesanía.

Consta de dos modalidades diferenciadas:

- A) Artesanía tradicional
- B) Artesanía contemporánea

#### **Tercero. Bases reguladoras**

A presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

#### **Cuarto. Cuantía**

El importe de la consignación asciende a un total de 13.000,00 €, con cargo á partida 0612/3342/481 del Presupuesto ordinario para 2026.

Se establecen dos premios, dotados con 6.500€, para cada una de las modalidades.

Los premios podrán quedar desiertos o ser concedidos con carácter ex aequo; en este caso, su importe se repartirá proporcionalmente entre las personas que resulten premiadas.

#### **Quinto. Plazo de presentación de solicitudes**

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará a las 08:00 horas del día 10 de febrero de 2026 y finalizará a las 14:00 horas del día 10 de abril de 2026, después de la publicación del extracto de la convocatoria de este premio en el BOP de A Coruña, a través de la Base de Datos Nacional de Subvenciones.

#### **Sexto. Otros datos**

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.